

BANDO

AMPLIACIÓN DE HORARIO FESTA DO PAMPALLÍN 2022

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAI SABER:

De acordo co decreto de Alcaldía nº 188, de 27 de abril de 2022, mediante o que pretende estimular a reactivación dos negocios de hostalaría e volta á dinamización da actividade social, en virtude da Orde de 23 de outubro de 2020 da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, xustiza e turismo, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Ampliar os horarios, en todo o termo municipal, en dúas horas o horario xeral na **FESTA DO PAMPALLÍN, da noite do 30 de abril á madrugada do 1 de maio de 2022**

SEGUNDO.- Os establecementos comprendidos no ámbito de aplicación da ampliación de horario con motivo da celebración da citada festa, **son aqueles que contén con licenzas municipais para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo e pubs), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma. **A prolongación do horario** permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento dos establecementos destinatarios da mesma legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

TERCEIRO.- Aqueles establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche no período mencionado, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento, animando a todo o pobo de Outes a participar da festa do Pampallín e a facelo dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde,
D. Manuel González López



